

## FAQ. Preguntas máis frecuentes sobre a campaña de avais QUEN FINANCIA



### Que é COOP57?

COOP57 é unha cooperativa de servizos financeiros creada en 1996 por persoas que traballaron na editorial Bruguera, coas indemnizacións cobradas despois de gañar o xuízo por despido.

Finánciase coas achegas das súas socias e os intereses aplicados aos préstamos que concede ás distintas entidades da economía social e solidaria, sen ningún tipo de comisión engadida.

O seu obxectivo é financiar proxectos de economía social e solidaria que promovan a ocupación, fomenten o cooperativismo, o asociacionismo e a solidariedade, así como a sustentabilidade baseada en diversos principios éticos. Os proxectos que reciben o apoio de COOP57 deben satisfacer, como mínimo, as seguintes condicións:

- Ter unha finalidade, en sentido amplo, de interese social.
- Estar enraizados no territorio.
- Colaborar na construción dunha sociedade máis solidaria.
- Funcionar con criterios de autonomía e xestión democrática.
- Crear postos de traballo estábeis e de calidade.
- Reinvestimento ou reparto dos excedentes en función da participación na actividade da entidade.
- Dispoñer dun proxecto economicamente viábel.
- Demostrar solvencia para devolver o préstamo solicitado.

Podedes ampliar a información sobre COOP57 en [www.coop57.coop/gl](http://www.coop57.coop/gl)

### Por que escollemos COOP57 para financiarnos?

En primeiro lugar, encaixa, por principios e modelo de traballo, e cremos por tanto que é a ferramenta ideal para financiarnos parcialmente, diversificando así as nosas necesidades de financiamento e non dependendo de forma exclusiva do financiamento bancario convencional, aínda que este proveña de forma preferente de cooperativas de crédito.

En segundo lugar, os préstamos concedidos por COOP57 están baseados nun **exhaustivo estudo da viabilidade** de cada proxecto, de maneira que poidan garantir a consolidación do mesmo e tamén a de COOP57 como entidade financeira. Existe, por tanto, un interese compartido en que cada organización poida levar a bo porto os seus obxectivos. Isto reflíctese nunha media de préstamos fallidos do 1,97% sobre o total do importe medio anual prestado. No caso de COOP57-Galicia, nas operacións de préstamo realizadas ata agora (80), a taxa de fallidos foi “1.25”.

## **OS AVAIS MANCOMUNADOS**

### **En que consiste un aval mancomunado?**

Para conceder un empréstimo, Coop57 require certas garantías da entidade que solicita o apoio financeiro e, no seu caso, avais de tipo persoal e **non patrimonial** ás persoas que exercen como avalistas da solicitude. Promóvese, por tanto, que a entidade que recibe este apoio e os seus membros se responsabilicen dos cartos recibidos.

A garantía sempre é mancomunada, isto é, dividida proporcionalmente entre todos os avalistas, a diferenza das entidades convencionais que esixen avais solidarios (cada avalista responde da totalidade do importe do crédito).

A garantía consiste en que a entidade que solicita información busque, entre os propios socios, socias e o seu contorno, persoas que confíen no proxecto e que asuman un compromiso persoal e individual para responder como avalistas por unha parte do préstamo concedido. No caso de que a entidade solicitante do préstamo non puidese reembolsar o mesmo, as persoas avalistas responderían no seu nome e só pola parte avalada, en proporción ao saldo vivo do empréstimo pendente de amortizar. Por exemplo: un avalista que se comprometa por 1.000€ terá que responder por 500€, no caso de que A TALANGREIRA tivera pendente de pagamento o 50% do préstamo solicitado a COOP57.

Trátase dun documento privado que non vai a notario e onde non se pide información económica da persoa que avala (nóminas, situación económica patrimonial etc.).

Este sistema permite que moitas entidades con proxectos viábeis economicamente, pero que non están capitalizadas con patrimonio, poidan acceder ao financiamento.

Ademais, os avais persoais mancomunados achegan dous elementos esenciais:

- Establecen unhas garantías adicionais sobre o reembolso do empréstimo e, por tanto, o risco que asume Coop57 diminúe, o que contribúe á viabilidade e á supervivencia do proxecto.
- Demostran e dan información sobre a capacidade de crear rede da entidade en cuestión, que nivel de confianza xera o proxecto e se ten unha base social sólida, ampla e comprometida.

O sistema de avais persoais mancomunados supón un aval social que, para Coop57, é tanto ou máis importante que o financeiro.

### **Teño que pagar o importe avalado?**

NON. Esta é unha das preguntas máis recorrentes e posibelmente sexa debido á confusión xerada polo termo «aval», que no caso das entidades financeiras tradicionais pode implicar a conxelación dun capital ou patrimonio.

O aval persoal mancomunado non implica unha inmovilización de diñeiro nin depósitos nin fianzas. É dicir, é só un compromiso persoal e individual de quen confía nun proxecto colectivo.

## **Que arrisco como avalista?**

Só a cantidade que figura no formulario de aval. Non se responde con ningún tipo de bens patrimoniais nin por cantidades superiores ás avaladas. A medida que se devolve o préstamo, cada aval verá reducida a cantidade comprometida inicialmente de modo proporcional ao importe amortizado na altura.

## **Que ocorre se temos dificultades para retornar o préstamo?**

Cando se detectan problemas de retorno dun préstamo, en COOP57 créase unha comisión de seguimento que se encarga de ditaminar as razóns e motivos da situación e de propoñer a forma de afrontalos, de maneira que satisfaga a ambas partes.

Unha vez esgotadas todas as posibilidades e no caso de que a entidade non mostrase ningún interese por devolver o diñeiro, Coop57, en defensa dos dereitos e deberes das entidades socias e os socios colaboradores, exercería as accións legais oportunas.

Se a entidade non puidese devolver o empréstimo sen que haxa ningún tipo de "mala fe", e esgotadas todas as opcións, convocaríase as avalistas para que cumprisen o seu compromiso. Para as avalistas buscaríase ofrecerlles condicións de retorno que lles fosen favorables, fraccionando o pagamento e sen aplicar ningún tipo de sobrecarga ou comisión.

COOP57 ten como obxectivo esencial o apoio financeiro a proxectos cun alto contido social. O seu fracaso tamén é o noso.

Poremos un exemplo para aclarar este punto: no suposto de que A TALANGREIRA tivera un empréstimo de 40.000,00 € con Coop57 e a Unión tivera un importe pendente de amortizar de 8.000€, os avalistas deberan responder de forma proporcional até completar a cantidade pendente do empréstimo (neste caso 8.000 € é o 20% de 40.000 €), de tal maneira que quen avalara 1.000,00 €, responderá por 200,00 € e quen avalara 500,00 €, responderá por 100,00 €.

## **Durante canto tempo se mantén o compromiso de cada avalista coa TALANGREIRA?**

Até que a cooperativa amortice de forma total o importe do empréstimo solicitado, a contar desde a data da sinatura do contrato de préstamo.

## **Por que se fixa unha cantidade mínima e unha máxima para cada aval?**

COOP57 establece un máximo de 5.000,00 € por aval polos seguintes motivos: 1) Para demostrar o grao de respaldo das socias da entidade solicitante ao proxecto a financiar; 2) Para demostrar o grao de implicación co tecido social e a comunidade na que se insire por parte da solicitante; 3) Para partillar e minimizar o risco da operación de financiamento entre a solicitante e Coop57, grazas a unha distribución do importe total entre o maior número de avalistas.

Pola nosa parte, decidimos fixar un aval mínimo de 100,00 € dado que unha cantidade menor alargará e dificultará a xestión da campaña de procura de avais, tendo en conta o importe a avalarse de 15.000€ nun prazo curto de tempo. **Ate o venres 30 de decembro de 2022.**

## **Cal é a recompensa por avalarse A TALANGREIRA DO BEQUE?**

A diferenza das campañas de crowdfunding, aquí non se segue a lóxica de corresponder cada achega con obxectos a modo de recompensa. Avalarse A TALANGREIRA DO BEQUE significa comprometerse cos obxectivos, dunha entidade asociativa que aposta pola promoción e consolidación do cooperativismo e a economía social e solidaria na nosa comunidade e dispoñer dos servizos que ofrece á sociedade e á cidadanía.

## **A CAMPAÑA**

### **Para que se realiza esta campaña?**

A elección de COOP57 como ferramenta de financiamento de A TALANGREIRA DO BEQUE é tamén a elección dun modelo que nos permite manter a independencia da banca convencional e diversificar o apoio financeiro necesario para o funcionamento da nosa entidade.

A campaña ten dous obxectivos: o primeiro, procurar o número de avais suficientes para atender o importe solicitado a COOP57, condición indispensable para recibirmos o empréstito; o segundo, dar a coñecer a COOP57 -da que A TALANGREIRA é socia de servizos- un importante instrumento financeiro da economía social e solidaria e ao servizo desta, baixo os principios das finanzas éticas.

### **Canto vai durar?**

A campaña pública para completar a cantidade de avais necesarios para solicitar o préstamo alargárase até o venres 30 de decembro de 2022.

### **Que ocorre se non conseguimos avalarse o total do préstamo?**

É importante acadar os avais polo total do crédito. Porén, o aval é unha das garantías esixidas por COOP57, pero non a única. No caso de non conseguir os obxectivos desta campaña, estudaremos coa comisión técnica e o Consello de Sección de COOP57 Galicia outras alternativas que sirvan de garantía para o importe non avalado, malia que confiamos manter o plan inicial.

## **Como podo avalar a TALANGREIRA DO BEQUE?**

Cumprimentar e asinar o seguinte documento para o seu envío en formato dixital , xunto co do teu DNI, Pasaporte ou CIF (no caso de persoa xurídica), para a súa posterior recollida ou envío postal en formato orixinal ao seguinte enderezo:

A TALANGREIRA DO BEQUE  
Rúa Ramón Cabanillas nº62, ÁTICO  
36950 MOAÑA (Pontevedra)

## **Aínda teño dúbidas, como podo resolvelas?**

Escríbenos a

**info@atalangreira.com**

ou chamando ao seguinte número:

**722 886 283** (Manuel)

Aproveitamos a ocasión para desexarvos FELICES FESTAS!!!!



R/ Hórreo 104 Bxo Esq  
15.701 Santiago de Compostela  
673 524 739  
galicia@coop57.coop  
www.coop57.coop/gl

....., con NIF ....., constitúe mediante o presente documento un AFIANZAMENTO a favor da entidade A TALANGREIRA DO BEQUE Sociedade Cooperativa Galega, con CIF F-09751207 para responder pola débeda e todas as obrigas derivadas desta, que a nomeada entidade estableceu con **COOP57 SCCL**

A cantidade avalada é de ..... € e manterase vixente até que a débeda sexa totalmente cancelada.

*A finalidade deste empréstito é para financiar o PLAN DE DINAMIZACIÓN INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DO COMPLEXO DEPORTIVO E DE LECER O BEQUE.*

En....., a ..... de .....de 2022.

Sinatura

Xúntase fotocopia do DNI/Pasaporte

Teléfono :

Correo-e :

Enderezo actual :

PROTECCION DE DATOS DE CARACTER PERSOAL : De conformidade co Regulamento EU 2016/676 - Xeral de Protección de Datos-, informamos que os seus datos trataranse coa finalidade de constituir o devandito aval e xestionar a súa relación coa Cooperativa, de acordo coa execución dun contrato e ao cumprimento das obrigas legais. Os datos conservaranse durante o prazo establecida na normativa aplicábel. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación, oposición e revogación do consentimento, perante a responsábel do tratamento COOP57 SCCL, en C/PREMIÀ, 15 BAIXOS 08014 BARCELONA. Ten dereito a realizar unha reclamación perante as autoridades de protección de datos. Máis información en [www.coop57.coop](http://www.coop57.coop)